



Escola Técnica Superior de Enxeñaría
Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n
15782 Santiago de Compostela
Tel. 881816701

Reunión Extraordinaria da Comisión de Traballos de Fin de Grao en Enxeñaría Química

Data: 08-09-2020

Texto da Convocatoria:

1. Aprobación, se procede, de solicitude de modificación de propostas de TFG
2. Aprobación, se procede, de solicitudes de defensa de TFG
3. Aprobación dos tribunais de defensa da convocatoria de setembro

Asistentes: A. Arce, M. Carballa, A. Franco, M. S. Freire, S. González, A. Hospido, A. Mosquera, H. Rodríguez

Xustifican ausencia: J. M. Garrido

O día 8 de setembro ás 10:00 h reúnese en convocatoria extraordinaria a Comisión de Traballos de Fin de Grao do Departamento de Enxeñaría Química, de maneira non presencial, utilizando a ferramenta *MS Teams*, cos asistentes e a orde do día arriba citados.

1. Aprobación, se procede, de solicitudes de modificación de propostas de TFG

Apróbanse as modificacións solicitadas nas propostas de TFG seguintes có acordo das titoras:

- Alumnas: Raquel Fariñas Mera, Bárbara Lomba Fernández e Noemí Lorenzo García. Título: Planta de produción de (2R, 3R, 4S)-Pentano-1,2,3,4,5-pentol a partir de residuos de millo. Titora: Sara González García. Solicitaron cambio de título polo seguinte: **Planta de produción de (2R,3r,4S)-pentane-1,2,3,4,5-pentanol.**
- Alumna: Paula Veiga Juiz. Título: Planta de produción de dietiléter a partir de bioetanol. Titora: Almudena Hospido Quintana. Solicitou a incorporación como co-titora da profesora Marta Carballa Arcos.

A alumna tamén solicitaba a prórroga da mesma proposta de TFG, pero a Comisión decidiu que se faría pola vía de urxencia, unha vez se verificase que a alumna está matriculada na materia no curso 2020-2021.

2. Aprobación, se procede, de solicitude de defensa de TFG

Apróbanse as solicitudes de defensa presentadas para a convocatoria de setembro, de tódolas/os alumnas/os que cumpren os requisitos esixidos según normativa.

A secretaria administrativa informou dunha incidencia das alumnas Tamara Cabeza Suárez e Ana M^a González Suárez ao facer a solicitude de defensa por mor de que o título non coincidía para as dúas alumnas, e, polo tanto, tampouco un deles có título aprobado pola comisión. As alumnas o resolveron dentro do prazo de solicitude.

3. Aprobación de Tribunais da convocatoria de setembro

O profesor Héctor Rodríguez comunicou que tiña a presentación aos alumnos do Máster de Enxeñaría Química e Bioprocesos o mesmo día da defensa de TFG, e que sendo o novo coordinador do mesmo non podía excusar a súa presenza, polo que solicitou que se tivese en conta nos horarios no caso de ter que participar como membro do tribunal nesta convocatoria.

O profesor Óscar Rodríguez Figueiras solicitou que se retrase a súa participación ata a convocatoria de febreiro debido a que como secretario do centro estaba inmerso en todo o traballo que estaba a xurdir ao inicio de curso debido a situación derivada da Covid-19.

Un dos alumnos concorre a súa segunda oportunidade, polo que neste caso asignárase o mesmo tribunal ao defenderse no mesmo curso académico, tendo en conta o aprobado pola comisión na reunión do 08/11/2019.

Tendo en conta as solicitudes presentadas e mencionadas anteriormente, o Regulamento da USC, o noso regulamento específico, ademais do procedemento interno da Comisión, elaboranse os tribunais de TFG desta convocatoria por orde alfabética de profesores, continuando có último no que se quedou despois da Convocatoria de xullo, resultando a proposta seguinte, que se facilitará á Secretaría Administrativa para a súa publicación e comunicación.

Tribunal/Hora	Alumno/a	Título	Titor	Cotitor	Presidente/a	Secretario/a Tribunal	Vogal	Suplente 1
Tribunal 1 9:15-10:00 h	Antelo Suárez, Juan José	Deseño da área de dixestión por método kraft para a produción de pasta de celulosa	Freire Leira, María Sonia	González Álvarez, Julia	Omil Prieto, Francisco	Mosquera Corral, Anuska	Rodil Rodríguez, Eva	Gómez Díaz, Diego
Tribunal 2 12:15-13:10 h	Abelleira González, Santiago Castaño Castaño, Demian Matías	Planta de produción de lactato de etilo por esterificación de ácido láctico e etanol	Moreira Martínez, Ramón F.	Gómez Díaz, Diego	Freire Leira, María Sonia	Eibes González, Gemma	Rodríguez Martínez, Héctor	Gil González, Álvaro
Tribunal 2 13:15-14:10 h	Bello Pena, Fabio Gundín Ogea, Raquel	Planta de produción de Nitrobenzeno a partir de Benzeno	Gómez Díaz, Diego	Moreira Martínez, Ramón F.	Freire Leira, María Sonia	Eibes González, Gemma	Rodríguez Martínez, Héctor	Gil González, Álvaro
Tribunal 3 9:15-10:00 h	Brandón Carracedo, Icaro	Planta de produción de ácido hialurónico de alta masa molecular	González Álvarez, Julia		Soto Campos, Ana María	Souto González, José Antonio	Sineiro Torres, Jorge	Franco Uría, Amaya
Tribunal 3 10:05-11:00 h	Cabeza Suárez, Tamara González Suárez, Ana María	Planta de produción de anhídrido acético	Rodríguez Figueiras, Óscar		Soto Campos, Ana María	Souto González, José Antonio	Sineiro Torres, Jorge	Franco Uría, Amaya

Tribunal/Hora	Alumno/a	Título	Titor	Cotitor	Presidente/a	Secretario/a Tribunal	Vogal	Suplente 1
Tribunal 3 11:05-12:10 h	Fariñas Mera, Raquel Lomba Fernández, Bárbara Lorenzo García, Noemi	Planta de produción de (2R,3r,4S)-pentane-1,2,3,4,5-pentanol	González García, Sara		Soto Campos, Ana María	Souto González, José Antonio	Sineiro Torres, Jorge	Gil González, Álvaro
Tribunal 4 9:15-10:10 h	Ferreiro Allo, Sergio Ledo Santana, Pablo	Planta de produción de bio-BDO (1,4-Butanodiol)	Roca Bordello, Enrique		Vidal Tato, María Isabel	Carballa Arcos, Marta	Bello Bugallo, Pastora	Garrido Fernández, Juan M.
Tribunal 4 10:15-11:10 h	González Razquin, Xoán Martínez Pinto, Santiago	Planta de produción de ácido clorhídrico a partir de cloro e hidróxeno	Roca Bordello, Enrique		Vidal Tato, María Isabel	Carballa Arcos, Marta	Bello Bugallo, Pastora	Garrido Fernández, Juan M.
Tribunal 4 11:15-12:00 h	Pérez Taboada, Andrea María	Planta de deshidratación de sorbitol a 1,4-dihidrosorbitol	Rodríguez Martínez, Héctor		Vidal Tato, María Isabel	Carballa Arcos, Marta	Bello Bugallo, Pastora	Garrido Fernández, Juan M.
Tribunal 5 11:15-12:10 h	Maiz Del Moral, José María Pose García, Andrés	Planta de produción de etanol sintético por hidratación directa do etileno	Rodil Rodríguez, Eva		Freire Leira, María Sonia	Eibes González, Gemma	Franco Uría, Amaya	Gómez Díaz, Diego

Comunicárase que aqueles profesores que non poidan asistir por causa de forza maior según Normativa, o comuniquen a secretaría antes do 11/09/2020 ás 11:00 h para poder convocar aos seus suplentes.

A presidenta e a secretaria da Comisión prepararán os correos con toda a información para os tribunais, titores e alumnos.

Aínda que non hai Quenda Aberta, é preciso informar que non teremos Convocatoria de Novembro, dado que ningún dos nosos alumnos a solicitou.


Sen mais asuntos que tratar, dáse por finalizada a reunión ás 10:30 h.

En Santiago de Compostela, a 08 de setembro de 2020

VºBº



Asdo.: M. Sonia Freire
Secretaria da Comisión



Asdo.: Anuska Mosquera Corral
Presidente da Comisión